

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA A IMPLANTACIÓN DUN PARQUE EMPRESARIAL

REUNIDOS

Dunha parte, don David Regades Fernández, con domicilio para estes efectos en Vigo, na rúa Areal, nº 46.

Doutra parte, don Luis Antonio Gómez Piña, con domicilio para estes efectos na Cañiza, na rúa Oriente, nº 11, 1ª planta.

INTERVEÑEN

D. David Regades Fernández, en nome e representación do Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFV), na súa calidade de delegado especial do Estado no mesmo, cargo para o que foi nomeado por Real Decreto 837/2018, do 6 de xullo.

D. Luis Antonio Gómez Piña, en nome e representación do Concello da Cañiza, na súa calidade de alcalde, nomeado na sesión constitutiva do Pleno do 15 de xuño de 2019, no exercicio das atribucións outorgadas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e polo artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Interveñen en razón dos cargos que ambos desempeñan e representan ás respectivas entidades, en nome das que actúan con plena capacidade e lexitimación e, para ese efecto

EXPOÑEN

- I. CZFV é unha entidade de dereito público, creada polo Decreto do 20 de xuño de 1947, cuxo obxecto, segundo figura no seu Estatuto Fundacional (aprobado pola Orde do Ministerio de Facenda do 24 de xullo de 1951 e modificado pola Orde do 11 de maio de 1998) é, ademais da xestión e explotación da Zona Franca, a contribución ó desenvolvemento e dinamización económica e social da súa área de influencia.

Que ten personalidade xurídica e plena capacidade para realizar cantos actos sexan necesarios ou adecuados para o seu desenvolvemento e logro do seu obxecto, mesmo para adquirir bens de todas clases, incluso inmobles necesarios para o seu bo funcionamento.

- II. O Concello da Cañiza, para a xestión dos seus intereses, pode promover cantas actividades contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e, entre estas, ten especial consideración a obtención e creación de solo industrial mediante o desenvolvemento urbanístico, ó obxecto de posibilitar ás empresas asentamentos axeitados que posibiliten a creación de riqueza e, en consecuencia, a creación de postos de traballo.

- III. A necesidade de solo empresarial é un dos freos ao crecemento económico. No ano 1995, por exemplo, a área de influencia de Vigo (principal comarca industrial de Galicia) contaba só con dous parques empresariais debidamente urbanizados, sendo un deles o polígono de Balaídos, propiedade do Consorcio da Zona Franca. Por iso, dende a década dos 90, unha das principais liñas de actuación do Consorcio foi a promoción de solo e infraestruturas empresariais co fin de favorecer o desenvolvemento do tecido empresarial non soamente en Vigo senón tamén na súa contorna.
- IV. Nos últimos tempos detéctase con maior forza un incremento da demanda de solo empresarial no sur da provincia de Pontevedra. A carencia de solo dispoñible nesta área conleva inevitable, e desgraciadamente, á fuga de empresas cara outras localizacións, coa perda que iso supón. A ubicación do Concello da Cañiza, preto de Portugal e equidistante de Vigo e Ourense, atravesado pola autovía das Rías Baixas, fai do mesmo un enclave privilexiado para un posible parque empresarial e, neste sentido, o concello entende que dispón dunha posible localización excelente ó pe da devandita autovía, e cunha orografía relativamente plana se ben, a súa clasificación é, na maior parte do mesmo, urbanizable (non delimitado), seguido de rústico (de protección forestal e unha franxa, á carón da autovía das Rías Baixas, de protección de infraestruturas).
- V. O Concello da Cañiza é consciente da importancia e interese socioeconómico que a implantación dun ámbito de desenvolvemento industrial supoñería para o seu territorio así como que a mesma superaría as posibilidades orzamentarias e de xestión do propio Concello.
- VI. A Modificación Puntual nº 2 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia (en adelante PSOAEG) está, nestes momentos, en exposición pública polo que é un momento idóneo para solicitar a incorporación ó mesmo dun novo ámbito de desenvolvemento industrial na Cañiza.
- VII. Así pois, conscientes da importancia que ten para o artellamento do sistema produtivo de Vigo e da súa área de influencia, na que está A Cañiza, dispoñer de solo debidamente urbanizado, da complexidade que leva aparellada a súa xestión, consideran necesaria a súa implicación no desenvolvemento dun parque empresarial no termo municipal desta última.

En virtude de todo o anteriormente exposto, as partes acordan a formalización do presente PROTOCOLO, o cal levarase a efecto con suxeición ás seguintes

## CONSIDERACIÓNS

### PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente protocolo de actuacións, sen contido obrigacional algún no sentido do artigo 47 da Lei 40/2015, é o establecemento das bases sobre as que asentar a colaboración das



dúas institucións asinantes para a implantación e desenvolvemento dun parque empresarial nos terreos sinalados no plano que se achega como Anexo I, e que teñen unha superficie aproximada de 955.311 m<sup>2</sup> no termo municipal da Cañiza.

A estes efectos, o Concello da Cañiza fará as xestións oportunas de cara a presentar ante o órgano competente da Xunta de Galicia a alegación ou tramitación correspondente para que se incorpore ó PSOAEG un novo ámbito de desenvolvemento industrial na localización á que se refire o Anexo I, así como toda a documentación que sexa necesaria a tal finalidade.

O Consorcio da Zona Franca de Vigo, pola súa banda, comprométese a facer as xestións que sexan oportunas para dispoñer dun estudo sobre a viabilidade da área empresarial para o novo ámbito de desenvolvemento industrial.

#### SEGUNDA.- FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO INTERADMINISTRATIVO.

Se os respectivos órganos competentes das partes considerasen axeitado o proxecto a desenvolver no ámbito sinalado, xa sexa vía PSOAEG ou vía modificación do PXOM, levarán a cabo todas as accións necesarias de cara á formalización dun convenio interadministrativo no que se determinarán os compromisos concretos de cada unha delas.

A estes efectos, as partes elevarán ós órganos que internamente procedan as conclusións acadadas na Comisión de Seguimento.

De firmarse este convenio, as partes incorporarán as previsións necesarias para garantir a viabilidade da actuación, e o Consorcio asumirá íntegramente os costes de desenvolvemento e, en compensación, atribuirase a este a totalidade do aproveitamento urbanístico lucrativo que se lle outorgue a esta actuación mentres que o Concello tramitará, coa maior celeridade posible, todos os documentos da súa competencia, asumindo o Consorcio o pago dos prezos xustos, indemnizacións e demais gastos derivados dos expedientes de expropiación. O Consorcio sería o promotor do proxecto e responsable da súa execución e xestión.

#### TERCEIRA.- VIXENCIA DO PROTOCOLO.

O presente Protocolo entrará en vigor, a todos os efectos, desde o día da súa formalización e estará vixente ata que, ou ben calquera das partes así o decida ou ben cando se formalice o Convenio interadministrativo ó que fai referencia a Consideración Segunda.

Establécese un prazo máximo de UN ANO para a formalización do devandito Convenio, transcorrido o cal as partes poderán prorrogalo por un prazo igual ou inferior a un ano ou, en todo caso, dalo por resolto.

#### CUARTA.- MODIFICACIÓN.

O presente Protocolo só pode modificarse por acordo expreso das partes durante a súa vixencia inicial ou da prórroga.

Calquera modificación formalizarase mediante a correspondente addenda.

#### QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para a interpretación e impulso na procura do seu obxecto, este Protocolo establece unha comisión de seguimento do mesmo, formada por tres representantes designados polo Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo e tres representantes designados polo Alcalde-Presidente do Concello da Cañiza.

Resolverá calquera problema de interpretación que puidese suceder e impulsará as actuacións necesarias para alcanzar o seu obxectivo.

As normas de funcionamento da devandita comisión rexeranse pola normativa reguladora do réxime de órganos colexiados das Administracións Públicas.

#### SEXTA.- RESOLUCIÓN.

Ademáis de polo transcurso do prazo de vixencia sinalado, ó carecer de contido obrigacional, bastará que calquera das partes manifieste a súa vontade de dar por resolto o Protocolo para que este deixe de estar vixente.


En ningún caso, a resolución conlevará indemnización para ningunha das partes.

#### SÉPTIMA.- NATUREZA.

O presente protocolo ten natureza administrativa. As controversias sobre a súa interpretación serán resoltas no seo da comisión de seguimento.


E, en proba de conformidade, asinan o presente protocolo, por duplicado exemplar, en Vigo, a día 31 de outubro do 2022.

O Delegado Especial do Estado,



David Regades Fernández

O Alcalde-Presidente,



Luis Antonio Gómez Piña



ANEXO 1:

